



**INNOVASUR**

**O proxecto finánciase con fondos “Next Generation” da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España**

## **R e máis o seu socio INNOVASUR blindarán a seguridade dixital do Concello de Ferrol cun Centro de Ciberseguridade operativo dende este outono**

- *Co novo Centro de Operacións de Ciberseguridade preténdese garantir a seguridade das infraestruturas, as comunicacións e os servizos dixitais do concello ferrolán e mellorar as súas capacidades de prevención, detección e resposta ante incidentes cibernéticos.*
- *A UTE (unión temporal de empresas) liderada polo operador galego R, xunto ao seu socio tecnolóxico INNOVASUR, resultou adxudicataria do proceso de posta en marcha e xestión do Centro de Operacións de Ciberseguridade (SOC) do consistorio ferrolán.*
- *As melloras derivadas da implantación do SOC concretaranse no reforzo global dos sistemas de información municipais de Ferrol e dos servizos públicos virtuais que presta o Concello, ademais de protexer persoas e empresas contra ameazas dixitais diversas.*

**Martes, 22 de xullo de 2024.-** O concello de Ferrol contará en poucos meses cun **Centro de Operacións de Ciberseguridade (SOC)** para seguir avanzando na protección das infraestruturas e dos sistemas dixitais e de comunicación cidadá municipais. A posta en marcha e xestión deste novo espazo -previsiblemente operativo dende este outono- foi adxudicada á UTE liderada polo operador galego **R** xunto ao seu socio tecnolóxico **INNOVASUR** e finánciase cos fondos “Next Generation” da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

## Prevenção de riscos, detección de incidentes e resposta

O propósito desta é reforzar globalmente os sistemas de información municipais e os servizos públicos que presta o Concello para **protexer as persoas e empresas usuarias** ante calquera ameaza dixital.

Para iso potenciarase a **monitorización de procesos**, co obxecto de detectar canto antes, entre outros, intentos de subtracción de datos, secuestros de dispositivos, suplantación de identidades ou calquera tipo de ataques ás infraestruturas tecnolóxicas municipais do consistorio ferrolán.

O novo centro terá a capacidade de blindar todas as comunicacións e relacións telemáticas municipais, sobre todo a través da súa páxina web, a sede electrónica e as aplicacións móbiles, para reducir o risco de que se materialicen incidentes cibernéticos que lle afecten a seguridade do Concello.

O CEO de **INNOVASUR**, Juan José Prieto, sinalou que *“un dos puntos clave do SOC deseñado para o Concello de Ferrol é o de garantir unha monitorización continuada durante as 24 horas do día os sete días da semana, de xeito que non importa o momento no que se produza calquera intento de ataque ou fenda de seguridade xa que haberá sempre un equipo de profesionais monitorizando e preparado para facerlle fronte e salvagardar a integridade da infraestrutura”*.

Pola súa banda, Alfredo Ramos, director de **R**, manifestou a súa satisfacción porque o Concello de Ferrol confíe na UTE do operador galego e INNOVASUR para pór en marcha e desenvolver o novo Centro de Operacións de Ciberseguridade da cidade, e destacou que *“este traballo reverterá en beneficios para a seguridade de persoas e empresas da contorna ferrolá que xestionan acóíto dixitalmente comunicacións e trámites administrativos co concello de Ferrol, cada vez máis á vangarda das cidades galegas en materia de ciberseguridade e resiliencia dixital”*.

**comunicación R**

[prensa@mun-do-r.net](mailto:prensa@mun-do-r.net)

[R.gal](http://R.gal)